

ACTA Nº 7/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 12:00 horas do día 26 de novembro de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 2 (pequeno) da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas que a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Víncent, subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Presidencia: Eva Sanín Mariño, Santiago Valencia Vila e Fernando Jorge Mora.
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Manuela Guillán de Dios.
C. de Economía e Facenda: J.Carlos Carid Fernández e María José Villaverde Gómez.
C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Pedro T. Díaz Rodríguez.
C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras.
C. de Cultura e Deporte: Miguel Ares Casal.
C. de Pesca e Asuntos Marítimos: Marta Ramos Lage.
C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: M^a Lourdes Batán Aira.
C. de Traballo: Victor Tubio Villar.
Instituto Galego de Estatística: Rosa Elvira Fernández González.

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CIG: M^a del Mar Costa Morono e Alexandre Prieto Giraldes.
CC.OO: Oscar Briones Gamarra e Pedro Méndez Gil.
UGT: M^a Luz Limia Cid e Miguel Ángel Dono Gómez.
CSI-CSIF: Carmen Noya Castro, Álvaro Fernández Baamonde e José Carlos García Bouzas.

Secretaria: María Luisa Cardesín Díaz, xefa do Servizo de Relacións Laborais, da Dirección Xeral da Función Pública.

ORDE DO DÍA:

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta nº 6/2007, correspondente á sesión anterior.

Punto segundo: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala de Letrados.

Punto terceiro: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala Superior de Estatísticos.

Punto cuarto: Orde do ...de...de 2007 pola que se aproban os temarios que rexerán no proceso selectivo para o acceso ao corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala Superior de Finanzas.

Punto quinto: Orde do ...de...de 2007 pola que se aproban os temarios que rexerán no proceso selectivo para acceso ao corpo de Xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B), Escala Técnica de Finanzas.

Punto sexto: Orde do...de...de 2007 pola que se modifica a Orde do 11 de setembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo Administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).

Punto sétimo: Rogos e preguntas.

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta nº 6/2007, correspondente á sesión anterior.

Foi lida a acta nº 6/2007 e non realizándose ningunha alegación foi aprobada por unanimidade.

Punto segundo: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala de Letrados.

*Intervén a representación da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes observacións:

- A promoción interna debe ser separada e ampliada como mínimo ao 50%, con redución de temas e exercicios. Estenden esta obxección ás restantes convocatorias.
- A escala de letrados debería abrirse aos grupos A e B dos corpos facultativos, ao igual que se abre na convocatoria para o ingreso na escala superior de estícticos.
- Os exercicios deberían ser tipo test, tanto os teóricos como os prácticos, e de non selo, terán que asegurar a obxectividade na avaliación.
- A proba de idioma estranxeiro non debería ser eliminatória.
- Tódolos exames deberían ser en galego e non só unha proba.
- Os temarios deben ser elaborados en galego pola EGAP.

*Intervén a representación da organización sindical **CCOO**, facendo as seguintes observacións:

- Lembra a limitación que ao requisito da nacionalidade establece o artigo 57 do estatuto básico do empregado público.
- A promoción interna debe ser separada, con exención de exercicios e/ou redución de temarios. Esta quenda non ten sentido se non hai ventaxas para os aspirantes.
- As probas orais considéranse obsoletas e pouco obxectivas. Supoñen un gran esforzo memorístico, innecesario para desenvolver as tarefas propias do posto. Propón substituílas por probas tipo test ou prácticos, na liña que se está a seguir na Unión Europea.
- Debería reservarse o aprobado dalgunha proba, como se está a facer na Escala de Finanzas.
- Suprimir a proba de idioma comunitario e, si se mantén, acotala ao inglés ou francés.
- A proba a realizar en galego debería escollela o opositor.

*Intervén o representante da organización sindical **UGT** que presenta alegacións por escrito para a súa incorporación a acta. Solicita que sexan remitidas á Asesoría Xurídica Xeral.

O Sr. Presidente contesta que se remitirán.

*Intervén o representante da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

- O sistema de selección debería ser o concurso oposición.
- O número de prazas reservadas á promoción interna debería de ser catro, con convocatoria independente ás de acceso libre e con redución de temarios e probas.
- Consideran que dúas probas orais son excesivas; unha debería ser substituída por unha proba tipo test.
- A proba de idioma estranxeiro non debería ser eliminatoria.
- Consideran excesivo expoñer 7 temas no tempo fixado. É necesario máis tempo para expoñer os temas.
- O temario é demasiado extenso. Debería elaboralo a EGAP.

*Intervén o representante da Asesoría Xurídica Xeral e manifesta:

- A Asesoría Xurídica considera oportuna a configuración da oposición tal e como aparece na convocatoria.
- Existe o compromiso do Director da Asesoría Xurídica Xeral de que o idioma comunitario non teña carácter eliminatorio na próxima convocatoria.

Punto terceiro: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala Superior de Estatísticos.

O Sr Presidente cede a palabra á Sra. Eduarda Varela Castro, Subdirectora Xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal, quen manifesta que hai un cambio no punto cuarto do temario remitido coa orde do día: Substitúese o epígrafe Metodoloxía estatística por Estatística aplicada.

*Intervén a representación da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes observacións:

- A promoción interna debe ser separada e ampliada como mínimo ao 50% das prazas
- Os temarios deben reducirse.
- A EGAP debe elaborar os temarios.
- Tódolos exercicios deberán ser desenvolvidos en galego.
- En tódolos exercicios garantirase o anonimato.
- Os exercicios deben ser tipo test e de non selo lerse públicamente para que o opositor poda comparalos.
- Tería que crearse unha comisión que se encargue das valoracións en caso de comparación de exames.
- O material para o exercicio teórico práctico ao que se refire a base II.1.2 debería precisarse para que tódolos opositoras puidesen contar cos mesmos medios.

Intervén a Sra. Subdirectora Xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal para aclarar que o material será facilitado aos opositores polo tribunal e, conseguintemente, será igual para todos.

*Intervén a representación da organización sindical **CCOO**, facendo as seguintes observacións:

- Destaca os avances producidos respecto a anteriores convocatorias: Supresión do curso selectivo, eliminación das probas teóricas orais e maior implantación de probas tipo test.
- Parécelle ben que se substitúa a proba oral por unha proba escrita sen lectura pública que é garantía de anonimato e maior obxectividade.

- A promoción interna debería ser separada, igual que nos corpos xerais.
- Debería reservarse o aprobado nalgunha proba para paliar a escaseza de aspirantes.

*Intervén o representante da organización sindical **UGT** que presenta alegacións por escrito para a súa incorporación á acta.

- A promoción interna debería ser separada.
- Para preservar o anonimato do opositor parecelle correcto que a lectura a realice o tribunal.
- No caso de reclamación dun opositor debe dársele a posibilidade dun control comparativo cos exercicios dos opositores que obtiveron a máxima e a mínima nota dos aprobados.

*Intervén a representación da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

- O sistema de selección debería ser o concurso-oposición.
- O 50% das prazas deberían reservarse para promoción interna separada da de acceso libre.
- Redución de temario e probas.
- Terceiro exercicio tipo test e con libre elección de idioma.

*Intervén a representación do Instituto Galego de Estatística, que manifesta:

- Comprométese a estudar a posibilidade de reservar algún exercicio aprobado. De ser o caso aplicaríase á seguinte convocatoria.
- Respecto ao control comparativo entre exercicios, non lle parece oportuno, pode retrasar a oposición e atentar contra o dereito á privacidade dos opositores.

Punto cuarto: Orde do ...de...de 2007 pola que se aproban os temarios que rexerán no proceso selectivo para o acceso ao corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala Superior de Finanzas.

*Intervén o representante da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes observacións:

- O número de temas parece excesivo.
- Respecto ao contido non ten nada que alegar.

*Intervén o representante da organización sindical **CCOO** manifestando que as propostas que fixeron nas reunións previas ou ben foron atendidas ou ben se lle deu unha explicación razoable para non aceptalas.

Nesa reunión entenderon que se faría constar a normativa exixida para o caso de que se produciran modificacións con posterioridade á convocatoria e non se fixo.

Intervén a Subdirectora Xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal para aclarar que constará na convocatoria.

*Intervén o representante da organización sindical **UGT**, e solicita:

- A implicación da EGAP na elaboración dos temarios.

As alegacións realizadas nas reunións previas e non tidas en conta se reiterarán.

*Intervén a representación do **CSI-CSIF** facendo as seguintes observacións:

En relación aos dous grupos:

- Os temarios deben reducirse.
- A EGAP debe implicarse na elaboración dos temarios.

En relación ao Grupo A:

- O tema da Facenda Pública debe cambiarse para o primeiro exame.
- No terceiro exame deben poñerse casos de sucesións e civil e non só de liquidación.
- O tema da renda debe reducirse e o do IVA ampliarse.
- Potenciar a renda de non residentes.
- Desglosar o tema de inspección (tema 31) en dous temas.
- Invertir a orde dos casos: o 4º ao 3º e o 3º ao 4º.

*Intervén a representación da Consellería de Economía e Facenda, que manifesta:

- Toman nota das alegacións feitas para, de ser o caso, telas en conta.

Punto quinto: Orde do ...de...de 2007 pola que se aproban os temarios que rexerán no proceso selectivo para acceso ao corpo de Xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B), Escala Técnica de Finanzas.

*Intervén o representante da organización sindical **CIG**, facendo unha única alegación:

- Os temarios deben ser desenvolvidos pola EGAP en galego. Estenden esta observación aos temarios do punto cuarto da orde do día.

*Intervén o representante da organización sindical **CCOO**, que se remite á observación feitas no punto anterior.

*Intervén o representante da organización sindical **UGT** que se remite ás alegacións presentadas por escrito.

*Intervén o representante da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

- Os temarios deben ser desenvolvidos pola EGAP en galego e castelán.
- No segundo exame debe de incluírse o tema de estatística.
- No tema nove podería desplazarse para o tema dez a referencia ao dereito civil galego.

Punto sexto: Orde do...de...de 2007 pola que se modifica a Orde do 11 de setembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo Administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).

As organización sindicais non teñen nada que alegar.

Punto sétimo: Rogos e preguntas.

*A representación da organización sindical **CIG** pregunta:

- Cándo se convocará a oferta dos grupos A e C
- Si se mantén o compromiso de convocar o concurso de traslados de corpos especiais de funcionarios no primeiro trimestre de 2008.

O Presidente da Mesa resposta:

- Respecto a convocatoria dos grupos A e C mantense o compromiso de convocala no ano 2007.
- Respectoa á segunda cuestión, sempre se dixo que sairía cando rematase o concurso de traslados de corpos xerais.

*A representación da organización sindical **CCOO**:

- Pregunta cándo estará rematado o concurso de Administración xeral.
- Quere facer constar o seu rexeitamento a resolución do tribunal do corpo auxiliar (grupo D), pola que se establece que a nota de corte do primeiro exercicio virá determinada pola del aspirante que quede clasificado co número 300.

O presidente da mesa resposta que se está a seguir o calendario previsto.

A Subdirectora Xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal manifesta que fixar a nota de corte e competencia exclusiva do tribunal.

*A representación da organización sindical **CIG** súmase á crítica realizada por **CCOO**.

*A representación da organización sindical **UGT** tamén está en desacordo coa resolución do tribunal do corpo auxiliar .

*A representación da organización sindical **CSI-CSIF** tamén está en desacordo coa resolución do tribunal do corpo auxiliar.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as doce horas e vinte minutos do día da data, facendo entrega a representación da organización sindical **UGT** dun escrito con alegacións sobre a s convocatorias que se incorporan como anexo desta acta.

Vª e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Víncent

Mª Luisa Cardesín Díaz